

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/1	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación Conta Xeral»
<b>Data</b>	23 de xaneiro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 9:02 ata as 10:31 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretario</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>	
1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro: «Motivos laborais»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**Sr. Alcadesa:** Bos días, como xa informamos na Comisión informativa con carácter excepcional a sesión plenaria é hoxe as 9 da mañá, procuraremos que non sexa así nas vindeiras ocasións, sempre que poidamos conciliar. Era un compromiso inicial facilitar no posible o horario, xa lles expliquei aos compañeiro do Partido Popular que por problemas de axenda de dúas concellerías, celebramos con carácter excepcional o pleno é esta hora. Un pleno moi importante para este equipo de goberno, onde saíran adiante a Conta Xeral e o primeiro expediente de REC do 2020, coa contabilidade realizada ata setembro, é responsabilidade deste equipo de goberno e desta Corporación que os nosos provedores e as nosas autónomas cobren canto antes polos servizos prestados.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quero agradecer aos membros do meu grupo, especialmente a Noelia, que hoxe estea aquí en neste horario, cando o noso desexo era que os plenos extraordinarios se celebren como viña sendo habitualmente salvo excepcións, nos últimos tempos. En segundo lugar quero desculpar a Ana Cristina que por motivos persoais e especialmente laborais non puido asistir a este Pleno municipal e agradecer tamén a asistencia do público que hoxe está aquí con nos. É sabido o noso desacordo co horario e co motivo que deu o goberno e que acaba de dar a Alcadesa para convocar este pleno, escusando detrás dos traballadores do Concello e da axenda ocupadísima dos nosos Concelleiros do Goberno. Creo que a Conta Xeral leva meses e meses a espera de que se traía a este pleno e polo tanto non ten xustificación algunha que sexa hoxe, un xoves as 9 da mañá si ou si. O mesmo coa aprobación do REC, que levan meses e meses os provedores e que puideron facer vostedes outro día ou acordar un pleno ordinario ou extraordinario en consenso con este grupo, cousa que non deron opción nin ao horario nin ao día, polo tanto é unha imposición. Vólvolle a tender a man e facer unha proposta para que no debate do REC, e acolléndonos ao Regulamento que vostedes aprobaron, se considere o REC dunha especial relevancia que si a ten, xa que se vai debater o pago de centos de facturas por un importe de 180.000 €, e creemos que é de suma importancia o debate para que os veciños teñan claro o posicionamento de cada grupo e en especial este grupo. Polo tanto pídolle ao



gobierno, a Alcaldesa, que teña a ben aplicar a especial relevancia do REC e que aumentemos en dez minutos o debate na primeira intervención e a cinco na segunda e por último o peche de dous minutos tal como contempla o Regulamento deste pleno municipal. Se vostedes se negan, facemos unha segunda proposta, si na intervención deste Grupo no punto da aprobación Conta Xeral sobrasen algúns minutos, que se nos computasen na seguinte quenda de intervención. Remato incidindo que por primeira vez na historia temos os tempos limitados nunha intervención.

**Alcaldesa:** Este equipo ademais de coherentes é de ter un ton dialogante. Tamén somos un grupo serio e este Regulamento aprobouse para o seu cumprimento, non para xogar con el en canto a tempos segundo os intereses de cada grupo político, como xa o dixemos na Comisión non imos duplicar o tempo, o REC é unha figura ordinaria.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Expediente 2653/2019. Aprobación definitiva da Conta Xeral do exercicio 2018.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Pereira González:** Bos días. A conta Xeral é unha serie de documentos que poñen de manifesto a xestión económica, financeira e orzamentaria dunha entidade ao longo dun exercicio, neste caso do 2018. Trátase dun documento, é o reflexo dos movementos contables ao longo do ano, ademais como xa dicía a Alcaldesa, é un requisito básico para obter as subvencións que convoca a Xunta de Galicia, non so tela aprobada senón tamén tela presentada na correspondente plataforma. En canto ao procedemento, dicir que se levou á Comisión Informativa o 19 de novembro, pasou a Comisión cos votos a favor do PSOE e MS e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia o 26 de novembro. Estivo en período de exposición pública por un período de 23 días hábiles tal como establece a Lei ata o 31 de decembro, e non se recibiu ningunha alegación nese período por iso hoxe se trae a esta aprobación plenaria. Polo que respecta aos documentos que forman o expediente, nos atopamos coa Acta de Arqueo que nos indica que a data 31/12/2018 o Concello dispoñía dunha liquidez de 2.096.250,53 €, un incremento dun millón de euros respecto do ano anterior nesa mesma data, que era de 1.037.000 €. Varios informes de intervención: Informe sobre a regra de gasto, a regra de gasto é un mecanismo de disciplina orzamentaria que nos impide aos Concellos incrementar o gasto público máis alá do PIB, neste caso o Concello de Salceda no exercicio 2018 o gasto foi inferior ao gasto producido no ano 2017 en 278.000 € e polo tanto, cúmprese a regra de gasto. Informe sobre a estabilidade orzamentaria, no exercicio do 2018 os ingresos foron superiores aos



gastos polo tanto cumpriuse tamén coa estabilidade orzamentaria. Informe de liquidación do orzamento, este é o informe máis extenso e podemos extraer algúns datos coma os seguintes: en canto aos gasto no exercicio 2018 acadaron a cifra de 4.628.000 € e supuxo un 86% de execución do orzamento; no que respecta aos ingresos alcanzouse unha recadación de 5.590.000€ dunha previsión inicial orzamentaria de 4.558.000 €, polo tanto temos un resultado orzamentario positivo de 962.689€ pola gran diferenza que houbo entre gastos e ingresos. Unha vez practicados os axustes, as desviacións positivas e negativas ascenden a 1.296.000, o remanente de crédito é de 773.000€ e ademais temos remanente de tesourería de 615.228 unha vez deducidas as obrigas pendentes de aplicar no orzamento. Temos o documento en si da Conta Xeral que son todas as anotacións de cada unha das partidas de todos os movemento que se produciron no orzamento, e se inclúen tamén no expediente os informes de intervención con reparos de todo o exercicio 2018.

Estes son os datos obxectivos que a groso modo se poden quitar da Conta Xeral, creo que son datos moi positivos, que se ten que valorar sobre todo debido a inestabilidade que se viviu no departamento de intervención nos últimos anos e concretamente no 2018, polo que pasaron tres interventores, ningún deles con dedicación completa a Salceda, senón en réxime de acumulación con outros Concellos, ademais houbo meses nos que non houbo intervención; isto dificulta enormemente levar os pagos e a contabilidade ao día, por iso creo que tendo en conta esa situación hai que valorar positivamente estes datos que xa en termos globais son positivos.

**Sr. Núñez Troncoso:** Bos días. Di que tiña unha liquidez a 31 de decembro de 2018 de máis un millón de euros, sen embargo acabo duns meses, mes e medio se recoñeceu un Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/2019 de máis dun millón de euros. Fala da execución do orzamento, máis dun 85%, vou ler o que di o informe de intervención *“apreciase tamén unha altísima porcentaxe de execución no capítulo II, o que pode ser un síntoma de que os créditos non resultan adecuados para o volume de gasto, isto é, que case se esgota totalmente a capacidade do orzamento para financiar o gasto”,* continúa o informe *“como se verá máis adiante a tradución inmediata deste síntoma é a existencia dunha importante cifra de operacións pendentes de aplicar ao orzamento ao final do exercicio. Esta cuestión non resulta menor, pois compre ter presente que a mera existencia dese tipo de operacións salvo casos particulares, adoitan obedecer a unha desordenada e pouca escrupulosa xestión orzamentaria, o que a cotío da lugar á realización de gastos para os que non existe consignación no orzamento, gastos que nacen, por tanto, adoecidos dun vicio de nulidade, e que poden ser constitutivos de incorrer en responsabilidade contable, así como nas responsabilidades que establece a Lei de Transparencia e Bo Goberno.”* Isto di o informe de intervención. Vemos tamén outro informe de intervención no orzamento 2019 temos un apartado que nos di *“compre advertir tamén que consta*



*requirimento da Consellería de Facenda respecto da adopción de acordos de non dispoñibilidade e a elaboración dun plan económico financeiro para o horizonte 2019-2020 polo incumprimento da senda legal da regra de gasto dos exercicios 2017 e 2018 no que insta ao Concello de Salceda de Caselas a que o gasto computable no 2019 no supere a cifra de 3.500.000€” a isto non lle fixeron ni caso. Temos outro informe respecto da liquidación do 2017 nos di: “como consecuencia do incumprimento da estabilizada orzamentaria constatado con ocasión da liquidación do orzamento 2017 deberá procederse, segundo o artigo 21 a elaborar un plan económico-financieiro, este plan económico financeiro deberá ser presentado nun prazo máximo dun mes dende a data de aprobación da liquidación e deberá ser aprobado polo pleno nun prazo máximo de dous meses dende a súa presentación” nin está nin se lle espera.*

Falan de falta de persoal en intervención, a verdade é que xa bastante fixeron pese á falta de interventor/interventora municipal. Tres pasaron no 2018 como di, pero é que levan pasado 12 dende o 2017, por algo será. Quería felicitar aos departamentos de intervención e tesourería polo traballo feito na elaboración da Conta Xeral, un traballo bastante complexo e complicado, esta felicitación non vai para o grupo de goberno nin a este nin ao que estaba. A Conta ven a este Pleno fora de prazo, como sempre. Pasou pola Comisión de Contas o 19 de novembro 2019 cando tiña que haber pasado antes do 1 de xuño de 2019, tres meses e medio máis tarde; debería ir a pleno antes do 1 de outubro do 2019 e estamos agora no pleno, tres meses e medio máis tarde, consecuencia, como acaba de dicir a Sra. Alcaldesa, que o Concello non puido optar a diversas subvencións, polo tanto se perderon diversas subvencións por non rendir e remitir a Conta en prazo. Esta é unha desidia total deste goberno, que nos custa 265.000 € ao ano. Estamos a falar dunha liquidación do orzamento 2018 que é prorrogado do 2016, un orzamento que xa de por si arrastrou un lastre dun recoñecemento extraxudicial de créditos de 2018 de 309.000 € e que na súa previsión de gastos e ingresos non se cinguiu ao que debería cinguirse. Así, en ingresos, o que pasa ano tras ano, se contemplou na liquidación de ingresos de IBI de 1.100.000€ e se ingresaron 880.000€, é dicir, se contemplou un defecto de ingresos de 226.000 €, no papel dispoñemos dun millón de euros para gastos pero é que realmente non houbo ingresos de 226.000 €, consecuencia de non haber presentado os orzamentos neste pleno. En canto a gastos, a ver si non hai unha presunta prevaricación, na conta 34.903 outros prezos públicos, arrendamentos despachos no Torrón, no orzamento se contemplan uns ingresos de 3.000 € na liquidación consta 0 ingresos, e sabemos que no 2018 polo menos dous despachos estiveron ocupados, sen embargo houbo cero ingresos cando hai una ordenanza que fixa o prezo polo arrendamento deses despachos, nin as ordenanzas se cumpren neste Concello. Espero que nos dean unha explicación de porqué non se ingresou nada por arrendamentos deses despachos no Torrón. Atencións protocolarias, se contemplan no orzamento 6.000 euros en gastos de publicidade e propaganda, orzamentaron 16.800€ e se gastaron 37.000 €, é dicir, 21.000€ a maiores do orzamentado, e no 2019 se contempla 60.000€ para publicidade e propaganda.



O custe do goberno, 205.000 € no ano 2018, un dos maiores de Galicia tendo en conta a poboación que ten Salceda e o seu orzamento, agora si somos os primeiros con 265.000€, un 30 % máis con respecto a 2018 e a maiores para facerlle fronte a ese gasto non se lles ocorre mellor idea que incrementar o IBI nun 3%, a petición da Sra. Alcaldesa. Non intente confundir aos veciños que foi o Goberno, a Sra. Alcaldesa solicitou o incremento para o 2020. En gastos xurídicos tiñamos no orzamento 15.000 e se gastaron 38.000 €, son gastos por asistencia de letrado en xuízos sobre todo contra persoal deste Concello.

En definitiva, a 31/12/2018 debía máis de 3.300.000 € e para rematar facer un recordatorio, a acta de cando se tratou a liquidación do 2017 o PSOE dicía *“O que si nos preocupa ao grupo PSOE e que leimos repetindo dende xullo a necesidade dun plan económico financeiro, porque cando unha situación chega a este nivel de débeda o que ten que facer a Concelleira de Facenda e tentar de solucionalo a maior brevidade posible. Xa o pedimos en agosto, outubro e decembro, en todos os plenos ordinarios preguntamos ou pedimos que se fixeron e non tivemos resposta”* imaxino que terán resposta agora. Seguía dicindo *“chega con retraso, cada ano chega con un pouco máis de retraso”,* pois este chega un día mas que o 2017 *“ata agora se aprobaron dentro do ano natural e agora xa nos imos ao ano seguinte e outra das cousas que se deben mellorar, non comulgamos coa xestión económica creo que a xestión económica da Concellería de Facenda é totalmente nula, inexistente, se van solucionando as cousas segundo van aparecendo sen ningún tipo previsión”* me imaxino que estes problemas quedarían solucionados agora que esta vostede no goberno.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Bos días, a postura do grupo municipal de Movemento Salceda vai ser a favor de aprobar a Conta xeral, que como ben dixo a miña compañeira Lucía trátase dun documento técnico que o único que fai é reflexar os movementos contables do ano 2018, ademais os parámetros son bos, xa que se cumpre tanto a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. Simplemente facer unha aclaración, aclarar que durante o ano 2019 só se tiña interventor un día á semana polo tanto non é doado elaborar a Conta Xeral. Non se perdeu ningunha subvención e non se vai a perder ningunha subvención por non ter presentada a Conta Xeral, creo que es un Concelleiro que fai o seu traballo, que traes as cousas preparadas e creo que non che custaba tanto traer esas ordes preparadas, non digo que fagas ti só o traballo, sodes seis Concelleiros e podeades repartirvos o traballo para preparar o pleno.

**Sra. Tourón Domínguez:** Bos días. O que pido é respecto. Eu non vou consumir os cinco minutos e quería regalarllos a Joaquín se é quen de poñer un exemplo das supostas subvencións que se perderon, porque non se perdeu ningunha. Xa sei que o pleno de hoxe máis que para aprobar a Conta Xeral e o Recoñecemento extraxudicial é para preguntar á voceira do PSOE, xa o avanzastes onte na prensa. En canto ao tema que nos atinxe, díxeno na oposición e sigo dicíndoo agora, a Conta Xeral é un





documento técnico que hai que enviar, porque o Concelleiro Joaquín fai hemeroteca pero non de todo, porque creo que se vai á hemeroteca e se mira as declaracións da voceira do PSOE en todas as Contas Xerais di o mesmo e votou a favor en todas as Contas Xerais, porque é un documento técnico que como vostedes mesmos dicían é para, entre outras cousas, non perder ningunha subvención, e hai que enviala e é obriga do equipo de goberno enviar esa Conta Xeral.

En canto aos número non vou ser eu quen defenda os números do 2018 pero si que vou agradecer tanto o traballo da Concelleira de Facenda como da Interventora que chegou fai pouco, e ao resto do equipo de intervención por quitar a Conta Xeral, que vai fora de prazo, a min e ao equipo de goberno nos gustaría que fose en prazo pero a situación foi a que foi. É obriga do goberno traela, é un documento técnico, a min gustaríame que o PP defendese a Conta Xeral como o que é, un documento que reflexa todos os movementos e que non veña aquí como mesmo argumentario para defender unha Conta Xeral, que unha aprobación de orzamento, que unha liquidación do orzamento, que un REC, porque a defensa sempre é a mesma, a min gustaríame que se defendese cada cousa como é.

En canto ao informe económico financeiro aomellor había que informarse ben e saber que para facelo hai que liquidar o orzamento do 2019, que o faremos, e se farán as cousas que correspondan e para iso temos que ter a liquidación do orzamento do 2019, como saben aínda estamos en prazo, e por suposto que defendo nese aspecto que se fagan as cousas ben.

**Sr. Núñez Troncoso:** Contestarlle en primeiro lugar ao portavoz de Movemento Salceda, non sei de onde quita que todo o que dixemos aquí é todo mentira, hai subvencións que o Concello non as solicitou a sabendas que de que non podía render a Conta en prazo, e cando queira poñemos día e hora e traemos as convocatorias todas que saíron e vemos si o Concello optou a todas esas convocatorias. Vai vostede a dicir agora na casa do veciño como ten que organizar a súa casa. Nos como grupo municipal nos organizaremos como consideremos oportuno, é unha falta de respecto o que vostede dixo antes.

Respecto a intervención de Verónica lle volvo a dicir o mesmo, houbo subvencións que o Concello puido optar e non optou a elas. En canto á convocatoria, que pena que non puxera nas redes sociais a convocatoria deste pleno, lembre o que dicía vostede no mes de marzo cando se convocou un pleno a 8:30 da mañá, o que dicía da conciliación. Na Comisión informativa dixo que nós non dixemos nada para poñer o pleno a outra hora, vostedes nos deron opción de poñer o pleno a outra hora? A información que recibimos é a título informativo, presentamos as alegacións a o ROM para poder poñer os plenos extraordinarios á mesma hora que os ordinarios e foi desestimada esa alegacións. En canto á hemeroteca, o que lle lin en canto a liquidación do 2017, está recollida en acta aquí ninguén está inventando nada, o que vostede dixo no seu día é que aquí non se cumpriu nada. Vostede está no goberno,



puido traer esta Conta Xeral en prazo, non se excuse en que non hai interventor/a, senón para que teñen salarios?

Di que é un documento técnico, claro que é un documento técnico, ninguén di o contrario, pero é un documento técnico que avala o traballo do goberno e os informes de intervención o din claramente, non están avalando para nada o boa xestión do goberno, informe tras informe, colla cal colla todos veñen a dicir o mesmo, a nefasta xestión económica deste Concello. Espero por último que a liquidación do 2019 a traian en prazo, polo ben de todos os veciños de Salceda. A nosa posición vai a ser en contra por que non podemos aprobar esta Conta con estes números.

**Sra. Tourón Domínguez:** Como ben dixo a Alcaldesa no comezo desta pleno, esta convocatoria a esta hora era excepcional. O que dixen na Comisión é que si vostedes recibían unha mensaxe indicando unha hora do pleno, ao mellor se nos houberan dito que algún Concelleiro por motivos de traballo, conciliación ou outros non podía asistir, probablemente se houbera cambiado a hora do pleno. A resposta da mensaxe foi completamente outra. Outra cousa é que, como dicía o portavoz do PP, que como grupo non queirades recibir whatsapp informativos do resto da Corporación. En canto á convocatoria se a anunciei ou non nas redes, a verdade é que non, acabo de acordarme agora mesmo, pero o PP puido utilizar a nota de prensa de onte, en lugar de facerlle preguntas directas á voceira do PSOE, para anunciar o que se ía levar hoxe aquí e informar á veciñanza.

**Sr. Núñez Troncoso:** Din que o horario deste pleno é excepcional, tomamos nota, veremos si é excepcional ou é a norma, xa veremos cando veña o próximo REC, veremos si realmente se pon a hora que se debería por. E moi fácil falar a toro pasado, pero vostede na Comisión non dixo nada, non abriu a boca para propoñer outra hora do pleno. Cando o portavoz deste grupo falou da hora que á ía ser este pleno, vostede non dixo nada, nin propuxo nada, non plantexou ningunha outra alternativa. Xa non digo que vostede se esquecera de poñer a convocatoria nas súas redes sociais, digo na do Concello, non está colgada nin páxina web do Concello, nin nas redes sociais, nin en ningún lado. As convocatorias ordinarias si aparecen, as extraordinarias tamén pero este pleno transcendental non aparece, nin na nota de prensa puxeron a hora, solo puxeron o día.

**Sr. Rodríguez Davila:** Para que quede constancia, o que lle dixen á Sra. Alcaldesa e que se vou a recibir como portavoz un whatsapp onde previamente xa está decidido o día e hora do pleno, que non me envíe un whatsapp para iso. Si é a título informativo para algo que vai a ser si ou si o que lle dixen e que non mo mande, non perde o tempo a Sra. Alcaldesa nin mo fai perder a min nin aos meus compañeiros. Iso non significa que eu dixera que non quera recibir información doutros asuntos, eu me estaba referindo á convocatoria de plenos.

**Sra. Presidenta:** Repites o que dixeches na Comisión Informativa e quedou claro, eu





seguireiche enviando os whatsapp igual e ti contesta ou non. Seguidamente dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto que as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2018 foron informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de datado 19 de novembro de 2019, e expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 227 de data 26.11.2019, durante quince días, durante os cales e oito días seguintes, os interesados puideron presentar alegacións.*

*Visto o informe emitido pola funcionaria encargada do rexistro do concello en data 03.02.2020 que establece que non foron presentadas alegacións dentro do período de exposición pública.*

*De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,*

*O pleno a adopta o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2018.*

*Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”*

**VOTACIÓN: sométese a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2018.

**Segundo.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.



**Expediente 86/2020. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Pereira González:** O expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº1/2020 por importe de 783.121,60 euros, recolle facturas do 2019 que na súa partida orzamentaria quedáronse sen crédito e o procedemento establece que se poden cargar no seguinte orzamento tras aprobación plenaria, evitando así que os provedores teñan que acudir á vía xudicial para cobrar polos seus traballos.

expediente consta dun listado con todas as facturas numeradas así coma o pertinente informe de intervención. As facturas, como é habitual dende que traballamos con dous programas informáticos diferentes, non están cargadas unha a unha no expediente, pero facilitouse ao PP o acceso e a consulta destas facturas, e así o fixeron na mañá de onte. O recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura, que como dixen antes, que o que pretende é evitarlle aos provedores que teñan que acudir á vía xudicial para cobrar polos traballos que realizaron ou polos subministros que prestaron, e para iso o órgano competente para poder cargar esas facturas no seguinte orzamento é o pleno.

Unha vez aprobado o expediente na Comisión informativa por catros votos a favor de MS e tres en contra, propónse a este pleno a súa aprobación. As facturas todas teñen a conformidade dos Concelleiros de cada unha das áreas, o que verifica que o servizo ou traballo se realizou ou o subministro se prestou. A intervención do Concello verificou que existe partida orzamentaria para cada un deste pagos, a liquidez nas contas do Concello a día de hoxe e máis de 1.500.000€, cantidade suficiente para facer fronte a estes pagos e polo tanto, en aras de evitar o enriquecemento inxusto da administración e de evitarlle aos provedores acudir á vía xudicial, propónse a este pleno a aprobación deste expediente. As facturas son ata setembro, que era a parte que estaba contabilizada ata o día da convocatoria, tiñamos un pleno extraordinario e consideramos que había que aproveitar para adiantar e anticipar todo o posible e non ter aos provedores esperando máis para cobrar.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estamos diante dun expediente dun recoñecemento extraxudicial de créditos que como ben di a Concelleira, é unha figura excepcional e non a norma; 779 facturas veñen a este recoñecemento por importe de 783.000€ veñen a recoñecer un exceso de gasto con respecto ao orzamento do 2019 e iso que o orzamento do 2019 aprobouse en novembro de 2019, é dicir, os números xa deberían estar máis claros que a auga, pois aínda así traemos un recoñecemento de 783.000€. As facturas a maioría delas están dende o mes de maio ata setembro, implica, así o



día o informe de intervención *“implica un 26,85% do gasto corrente do orzamento do 2020”*, e dicir, que xa estamos trincando o orzamento nun 26,85 %. Xa o dixemos no último recoñecemento 1/2019 que foi en marzo, que o do 2020 ía ser superior, de momento non é superior, pero é que este é un anticipo do que vai a vir, imos a superalo con creces.

Vou ler o informe de intervención *“esta intervención informa que existe crédito suficiente nas aplicacións adecuadas do orzamento para 2020”* totalmente de acordo, pero a data de elaboración deste informe foi o 14 de xaneiro, si a 14 de xaneiro non están as partidas completas, lembren que é un orzamento prorrogado do 2019, o normal e que a 14 de xaneiro a partidas estean con suficiente crédito, só faltaría que a 14 de xaneiro non houbera xa crédito para as partidas. Di no informe de intervención: *“A maioría das facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto. Tendo en conta a data actual, parece difícil que os créditos restantes resulten suficientes para afrontar os gastos que presumiblemente se van devengar no presente exercicio”* e iso que aquí non está tendo en conta o que vai a vir, imaxínense vostedes como vai a ser o próximo informe cando se teña en conta o que vaia a vir.

Outra irresponsabilidade, a partida do servizo axuda no fogar, se lle debe a esta empresa, aínda que se lle diga aos traballadores que a empresa está ao día no cobro, mentira, se lle debe dende maio a agosto de 2019, 134.000€, se lle debe de maio a decembro de 2019, 265.000€, e o máis curioso, este Goberno aproba o orzamento de 2019 en novembro e nós aí xa dixemos que esta partida ía a ser insuficiente en 254.000 €, pois é insuficiente en 265.000 euros e vostedes sacan unha nota de prensa que di que Salceda incrementa en 200.000€ o presuposto para a axuda a domicilio. Segundo o Goberno local coa subida do servizo de axuda a domicilio se garante a cobertura das horas de servizo, mentira, porque aínda fan falta 130.000 euros maiores, pero iso xa o sabían en novembro, porque non axustaron o orzamento esta partida? Non me digan que é cousa da prensa porque na páxina do Concello tamén publicaron o mesmo.

Temos pendente o consumo de alumeado público de marzo de 2019, enerxía eléctrica instalacións deportivas dende xuño de 2019, seguro da moto da policía local dende xuño de 2019 sen pagar, o seguro de Renault Megane da policía local dende xuño de 2019 sen pagar, C15 de vías e obras de xunio de 2019 sen pagar , a pala de vías e obras dende xullo de 2019 sen pagar, o ZX da vías e obras dende xuño de 2019 sen pagar, o seguro do camión do lixo Nissan dende xullo de 2019 sen pagar, o seguro do camión do lixo o Renault dende xuño de 2019 sen pagar, a Sogama sen pagar dende maio que se debe máis de 120.000€, a electricidade do centro social da Devesa dende marzo de 2019 sen pagar, servizo de limpeza do centro social da Devesa dende xuño de 2019 sen pagar, a electricidade do Torrón dende marzo 2019 sen pagar, limpeza



CDL do Torrón dende febreiro de 2019 sen pagar, consumos eléctricos dos CRAS das parroquias dende maio de 2019 sen pagar, electricidade do auditorio e escola de música dende xulio de 2019 sen pagar, festa dos callos todo sen pagar, máis de 25.000 € e a maiores a factura de Frigolouro que será como todos os anos de 23 ou 25 mil €, teremos 50.000€ da festa dos callos sen pagar, electricidade da Praza de Abastos dende maio 2019 sen pagar, limpeza edificio do Concello dende agosto de 2019 sen pagar, consumo enerxía da Casa do Concello dende xulio de 2019 sen pagar , e así etc, etc...

**Sra. Pereira González:** Acaba de facer unha extensa enumeración de facturas sen pagar, pois a solución vai ser agora cando votemos, votamos a favor e se pagan, como xa lle dixen, os traballos están feitos e os subministros están realizados efectivamente, a electricidade está consumida, hai crédito nas partidas, hai liquidez, non vexo cal é o motivo para votar en contra, e ademais vimos de aprobar unha Conta Xeral do exercicio de 2018 que como ve os ingresos sobrepasan os gastos, o Concello tampouco ten que ser o peto de aforro do diñeiro.

**Sra. Tourón Domínguez:** En canto a exposición de Joaquín, xa o dixen no primeiro punto, e agora outra vez mestura a aprobación do orzamento de 2019 co REC que se trae hoxe a pleno. Volvo a repetir, hai cousas que teñen que ver e hai outras que non. Eu pediríalle ao PP que defendese cada temas cos argumentos que lle corresponden a cada tema, se quere preparar un argumentario e utilízalo todo o ano para o mesmo pois fágao, pero eu pediríalle que o argumentario fora distinto, se tan seguros estades das cousas pois ao mellor ata nós aprendemos algo.

Na miña defensa vou contestar as tres preguntas que me facía o portavoz do PP na prensa onte. A primeira pregunta que facían ao PSOE era, que diferenza hai entre este recoñecemento extraxudicial de crédito e o de marzo? Creo que todos os que estamos aquí e os membros da Corporación o sabemos, houbo unhas eleccións en maio que non dan unhas responsabilidades de goberno, cando se teñen unha responsabilidade de goberno temos que traer entre outras cousas un recoñecemento extraxudicial de crédito e pagarlle aos provedores, porque é responsabilidade do goberno. A segunda pregunta que facía o PP é que cambiou para que agora votemos a favor e antes non? Pois o mesmo, agora gobernamos, e seguimos pensando que 800.000 € é unha barbaridade para un REC, entramos no goberno para intentar mellorar as cousas, iso non significa que o poidamos facer da noite para mañá, nin significa que mudemos todo o que queremos mudar, pois si o PP fixese goberno en minoría necesitaría acordos para sacar as cousas adiante e saírían unhas e outras non, iso é un goberno de coalición, e si que se están facendo as cousas doutra maneira, por moito que se empeñe o PP en dicir que non, si que se están facendo doutra maneira e poño algún exemplos: aprobamos orzamentos cando se levaban dende 2016 sen aprobar, aprobáronse regulamentos aínda que algún partido da corporación non lle guste, estamos licitando servizos (licitáronse seguros), estanse facendo contratos do certificado de profesionalidade de programa integrado de emprego para

cumprir a lei de contratos, imos a licitar o servizo de limpeza, etc... Si que se están cambiando cousas, levamos medio ano. O PP pode seguir empeñado en dicir que non se cambiou nada, pero si se están cambiando, como todo o mundo sabe a administración vai amodo, queda moito que mellorar, moitísimo, o PSOE o asume. A terceira pregunta que facían na prensa foi por que non dixen nin palabra? Entendo que na Comisión Informativa, entendo que se refería a este punto do REC, porque na Conta Xeral falei, non falei no punto do REC porque a comunicación coa Concellería de Facenda é diaria, é boa, colaboro na medida do posible con esa área co que non tiña nada máis que aportar porque xa o fixen antes de ir a Comisión. Formo parte do Goberno, as Comisión son para informar sobre os temas, aclarar dúbidas, aportar cousas novas e eu xa o había feito antes desa comisión informativa, polo tanto apoio a exposición completa que fixo a compañeira Lucía.

Agora, respondidas esta preguntas e como eu non son de facer preguntas na prensa, vou preguntar ao PP o seguinte: si o PP despois de maio gobernarse cos seis concelleiros que acadou nas eleccións, que faría? Non traería o REC a pleno incumprindo a súa responsabilidade como goberno, traería e votaría en contra da súa propia proposta, non lle pagaría aos provedores ou cal sería a situación do PP si gobernase despois de maio respecto deste tema?

**Sr. Núñez Troncoso:** Seguimos coa hemeroteca, no orzamento de 2016 a portavoz do PSOE dicía *“é unha barbaridade 640.000€, e unha barbaridade, os REC teñen que ser para casos moi contados, servicios indispensables e non pode ser campaña electoral”* Estou totalmente de acordo, casos excepcionais, este non é un caso excepcional o que está aquí encima da mesa, di *“que as cousas hai que facelas ben e isto é unha mala xestión da Concelleira de Facenda”* *“porque se prorroga o orzamento e agora traen o REC sen ter orzamento?”* tal cal está pasando agora, totalmente de acordo, , *“pregúntelles si lles explicaron aos provedores que cando lles encargaron esas obras ou servizos non tiñan cartos”* vostedes dixéronlle aos provedores que non podían cobrar? Votaron en contra dese REC 2017, de 198.000 euros, tanto o PSOE como este grupo nos abstivemos, ano 2018, 309.000€ en contra os dous grupos e para rematar no 2019, 998.000 € e se pide a retirada, dicía a portavoz do grupo PSOE, que se trouxeran só as facturas de axuda ao fogar, porque non fan agora o mesmo? *“ou que o Alcalde na súa potestade modifique a orde do día e se permita pagar as facturas de axuda no fogar para non perder a subvención”* Faga o mesmo en canto as facturas do servizo de axuda ao fogar, dicía vostede, é unha barbaridade o que se lle debe a unha empresa como esa, e daquela eran 212.000 € e agora se lle debe 285.000 €. Agora non é unha barbaridade, agora é unha responsabilidade, despois de aprobar os orzamentos en novembro de 2019, unha autentica irresponsabilidade, lembre que votou en contra. Dicía Lucía que hai liquidez, se hai liquidez porque non lle pagou antes? Si hai cartos en caixa porque non pagaron estas facturas? E que vostede non leu o informe de intervención ao respecto? O informe o di ven claro, a implicación dese recoñecemento é o 26% sobre o gasto corrente.



O Concello ao final se está financiando cos provedores porque no mellor dos casos cobran 6 meses máis tarde, outros oito e outros un ano. Dicía Verónica que sempre usamos o mesmo argumentario, é que sempre é o mesmo, contratar traballos sen ter cartos. A responsabilidade do goberno é a boa xestión económica entre outras cousas, pero non se ve que con este novo goberno haxa unha boa xestión económica, porque o REC esta aumentando. Para que aprobaron o orzamento si ao final vimos a recoñecer isto? Non ten sentido. En canto a nota de preense, vostedes saberán a nota de prensa, ou é que a mandou a Alcaldesa sen contar con vostedes, porque o que poñen aí da axuda ao fogar, telita..

**Sra. Pereira González:** Dis que mencionei a liquidez, hai liquidez e hai crédito, que son as dúas cousas que ten que haber, crédito antes non había por iso non se pagou antes.

**Sr. Rodríguez Davila:** Por alusións, para contestarlle á compañeira do PSOE Sra. Verónica Tourón. En primeiro lugar quero felicitar a Joaquín polo bo traballo que fixo, e ao equipo municipal que se demostrou unha vez máis a súa capacidade de xestión fronte a un goberno que no seu conxunto utilizou nas súas intervencións 12 minutos, sumando Movemento Salceda e PSOE, cando podían utilizar 40 minutos, esa é a demostración de que non hai argumentos para defender a nefasta xestión económica cando ao compañeiro non lle chegaron os minutos do regulamento. Esa é a diferenza entre os que traballan e defenden con argumentos e aqueles que impiden que o fagamos e utilicen só 12 minutos en conxunto, lamentable.

En segundo lugar o que di a Sra. Tourón do que saíu nun medio de comunicación, non é un comunicado do PP nin unha nota de prensa, son unhas declaracións e como todo o mundo sabe das declaracións que fai unha persoa, a prensa recolle e escribe o que a periodista teña a ben, polo tanto non hai ningún documento do PP nin ningunha nota do PP respecto do que vostede dixo, iso non quere dicir que eu non reafirme e estea de acordo con esas preguntas, son cousas diferentes, polo tanto suscribo esas preguntas, me alegra que vostede entrara a contestar esas preguntas, como cambiou o conto, o que é máis sonrojante é que vostede nos lance unha pregunta a este grupo maioritario da Corporación, que fariamos nós? A resposta tena vostede, vostede foi a que impediu darlle resposta, porque vostede impediu que gobernásemos ante a decisión dos veciños, vostede incumpriu, vostede non dixo o que ía a facer, e vostede non acatou o que os veciños nas urnas decidiron, se vostede respectase todo aquilo tería a resposta do que faría este Alcalde e este grupo de goberno se así fose respecto do REC que vostedes presentan a este goberno, pena que a resposta vostede mesma impediu tela no día de hoxe.

**Sra. Tourón Domínguez:** Pena que o PP non viñera preparado para responder ningunha pregunta, respondín ás tres preguntas, e vou seguir respondendo, o que non vou facer é entrar na prensa como voceira, gustaríame que houberse respondido porque senón aquel día de maio no que vostede me chamou para mirar si eu lle

prestaba o apoio para que vostede gobernase, ao mellor naquel día tería que haber dito: vai facer o que vostede quere porque si? Ou vai a negociar, vai a falar, vai a conciliar ou vai a chegar a acordos para que o goberno saia adiante? O mellor había que remitirnos aí. Eu volvo a preguntar que faría, se cumpriría coas responsabilidades de goberno e traería un REC ou non? Emprázoo tamén para que de aquí a tres anos e medio que quedan de legislatura busquen, revolvan, etc.. e atopen que eu mentín no que dixen, porque eu dixen que non ía apoiar unha alcaldía de Marcos Besada e non apoiou unha alcaldía de Marcos Besada. Se hai algo máis emprázoo a que o quite e o diga porque o de chamarme mintirosa e dicir seguido que incumprín, e non traer ningún tipo de proba, xa empeza a cansar.

**Sra. Alcaldesa.** Xa expliquei na Comisión Informativa, imputar os gastos de anos anteriores ao orzamento vixente do 2020 está permitido xuridicamente a través da figura do REC e así o recolle o informe de intervención, non é algo que este equipo de goberno se saque da manga. Como ven dixo Joaquín os gastos en seguros, electricidade, son gastos reiterativos que na súa maioría quedaron o ano pasado sen partida orzamentaria, e como tamén dixo Verónica, portavoz do grupo socialista, o goberno está facendo un tremendo esforzo xunto co equipo de administración para sacar adiante as licitacións que poidan ser posibles para reducir ao máximo os gastos que se producen. O pleno como sabedes é o órgano competente para levar adiante a aprobación deste REC, que é o primeiro do 2020, trátase de servizos e subministros que se prestaron por provedores e por autónomos e autónomas do noso Concello que están agardando a cobrar esas facturas. Eu creo que é un exercicio de responsabilidade non so deste equipo de goberno que xestionamos o Concello para que as nosas obrigas se vexan cumpridas e creo que tamén sería unha obriga por parte dos Concelleiros do Partido Popular. Non podemos converternos na caixa do diñeiro público, o diñeiro público é dos veciños e das veciñas, hai que xestionalo e repito, estes traballos e servizos foron feitos e á xente hai que pagarlle. Dou lectura proposta de acordo seguinte:

*“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.*

*Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”*

*Visto o informe do Interventor municipal núm. 2020-0005, coa correspondente nota de reparo.*

*Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas*



*Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.*

*En atención ao exposto, o Pleno da Corporación adopta o seguinte*

**ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2020 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 784.347,58euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 ; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."*

**VOTACIÓN: sométese a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte acordo:**

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2020 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 784.347,58 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2020; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**